



Guía Docente

Datos Identificativos					2013/14
Asignatura (*)	Literatura Latina	Código	613G01045		
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Filloxía Española e Latina				
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es		
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es		
Web					
Descrición xeral	A materia presenta un panorama xeral da literatura latina da Antigüidade (ss. III a.C.-Vd.C.) organizado a partir de tres enfoques xerais: a descrición do contorno social e cultural da produción e da recepción literaria, o estudo dos códigos lingüísticos, retóricos e poéticos propios de cada xénero e a atención ás particularidades de cada etapa. Nas sesións prácticas efectuarase unha aproximación a tres temas específicos: a poesía amorosa, os textos historiográficos e a narrativa de ficción.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	Apreciar a diversidade.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A10		
Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina	A13		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Apreciar a diversidade		B8	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C6
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse			C6

Contidos

Temas	Subtemas



1.- O contorno social e cultural da literatura latina.	1.1. A literatura como mimesis
2.- Os códigos retóricos, poéticos e lingüísticos dos xéneros literarios.	1.2. A literatura latina como literatura derivada
3.- As características específicas de cada etapa literaria.	1.3. Usos e marcos da praxe literaria
4. Aproximacións específicas a tres aspectos da literatura latina da Antigüidade	1.4. As formas de transmisión oral e escrita
	1.5. Autores, patróns, público, organizacións
	2.1. Modalidades dramática, narrativa e expresiva
	2.2. Códigos socioéticos aplicados ao contido e a forma
	2.3. Códigos determinados polos marcos pragmáticos do discurso literario
	2.4. Códigos relativos á extensión, concentración e variedade da composición
	2.5. Códigos métricos
	3.1. A etapa preliteraria
	3.2. A etapa arcaica (ss. III-II a.C.)
	3.3. A etapa clásica (ss. I a.C.-I d.C.)
	3.4. A etapa postclásica (s. I-II d.C.)
	3.5. A etapa tardía (s. III-V d.C.)
	4.1. O tratamento do amor na poesía romana
	4.2. Historiografía e biografía
	4.3. A prosa de ficción

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	16	12	28
Proba obxectiva	2.5	6	8.5
Traballos tutelados	0	23	23
Lecturas	0	35	35
Sesión maxistral	16	0	16
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase a asistencia e a participación activa de cada estudante no desenvolvemento dos mesmos.
Proba obxectiva	Proba escrita individual de carácter teórico, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade de relacionar e organizar conceptos, resolver problemas e exercer un xuízo crítico.
Traballos tutelados	O estudante elaborará un traballo de curso individual coa orientación e a asistencia do profesor. Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita. A presentación deste traballo ten carácter obrigatorio para poder efectuar a proba obxectiva e superar a materia.
Lecturas	O estudante fará por contra propia as lecturas obrigatorias que se lle propoñan e dará conta destas a través de comentarios orais nas sesións prácticas, no propio traballo tutelado ou na resolución da proba obxectiva.
Sesión maxistral	Sesións expositivas de carácter oral por parte do profesor sobre os diferentes contidos do temario. O profesor completará estas exposicións con guiños, resumos e indicacións bibliográficas publicados a través da plataforma Moddle



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O estudante asistirá a titorías individuais concertadas a fin de que o profesor supervise a planificación e desenvolvemento do traballo tutelado

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia a estas sesións como a participación activa de cada estudante no desenvolvemento das mesmas. Poderá pedirse a ulterior presentación por escrito dalgúns destes exercicios en forma de breve comentario dun texto, resolución dun test etc.	15
Proba obxectiva	Proba escrita individual de carácter teórico, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións expositivas como nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade de relacionar conceptos, organizar a argumentación, resolver problemas e exercer un xuízo crítico. Requirirase unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para dar por superada esta proba	45
Traballos tutelados	Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita. A presentación deste traballo terá carácter obrigatorio para efectuar a proba final obxectiva e superar a materia	40

Observacións avaliación

En caso de que as actividades presentadas por escrito non cumpran unhas esixencias mínimas de corrección lingüística, serán devoltas sen qualificar ao estudante para que as revise e as entregue de novo.

Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo as probas e/ou os traballos non superados ou aqueles que non presentasen.

O estudante será cualificado con Non Presentado só no caso de que non realice a proba obxectiva prevista.

O estudante que se matricule na modalidade de tempo parcial será dispensado da asistencia ás sesións prácticas de análise de fontes documentais. O 15% que se contempla por este concepto no cálculo da cualificación global será compensado na proba obxectiva, que pasará a contar un 55% e na avaliación de traballo e actividades, que pasará a contar un 45%.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Leighton D. Reynolds e Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Madrid: Gredos- Carmen Codoñer Merino (ed.) (1987). Géneros literarios latinos. Salamanca: Universidad de Salamanca- George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid: Atenea- E.J.Kenney-W.V.Clausen (1989/90). Historia de la literatura clásica. Madrid: Gredos- Carmen Codoñer Merino (1997). Historia de la literatura latina. Madrid: Cátedra- Michael Von Albrecht (1992/7). Historia de la literatura romana. Barcelona: Herder
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías